

Xoves, 6 de outubro de 2022

Núm. 192

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CRECENTE

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ACORDO POLO QUE SE CREA E SE REGULA O REXISTRO MUNICIPAL DE PERSOAS SOLICITANTES DE VIVENDA NO CONCELLO DE CRECENTE E A INCORPORACIÓN E ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS BALEIRAS DO MUNICIPIO

SUMARIO

Acordo polo que se crea e se regula o Rexistro Municipal de persoas solicitantes de vivenda no Concello de Crecente e a incorporación e adxudicación de vivendas baleiras do municipio

TEXTO

O Pleno extraordinario do Concello de Crecente acordou, en data 15 de xuño do 2020, aprobar a adhesión do Concello de Crecente ao Convenio de colaboración asinado en data 3 de maio de 2016, entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a FEGAMP para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda.

No Pleno ordinario do Concello de Crecente de data 31 de marzo do 2022 apróbanse as Bases Reguladoras do Programa e prevese, no seu capítulo II, a creación dun Rexistro Municipal de persoas solicitantes de vivenda, e das unidades familiares e ou de convivencia que queiran acceder a vivendas en réxime de alugueiro incorporadas ao Programa.

Así, acórdase a incorporación das vivendas desocupadas do Concello de Crecente ao Programa, e a aprobación das Bases que regulan a creación e funcionamento do Rexistro Municipal de persoas solicitantes de vivenda e,

Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal, nestes dous últimos casos acompañada do texto íntegro das bases e, consecuentemente, o inicio do desenvolvemento do programa citado, podendo, as persoas interesadas presentar as solicitudes para o rexistro, dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra deste extracto do acordo.

En Crecente, a 29 de setembro do 2022

O alcalde — Don Julio César García Luengo Pérez.

